



CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

2-3 de febreiro do 2019

IV DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INJUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 *nº 4 Amigos nas penas e na festa amigos*
SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos en comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

A celebración de hoxe descúbrenos como todos nós somos membros dunha igrexa de amor.

Hoxe, igual que nos tempos de Xesús, a tentación maior é participar pero non comprometerse, é o deixarse levar, é vivir na comodidade sen complicarse...

Non nos gusta enfrontarnos cos outros cando hai que dar testemuño da nosa fe. Non sabemos dicir que hai moitas cousas que cambiar na nosa vida, no noso entorno, para facer un mundo mais xusto para todos.

Xesús nos mostra como ser profetas de verdade ante as dificultades, profetas de ilusión, profetas de cambio e renovación, profetas de esperanza e amor.

Na lectura de San Paulo vemos como hai moitas cousas importantes nas que implicar a nosa vida: a fe, a esperanza e o amor, pero a máis importante de todas é o amor, como Xesús nos mostrou.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Os proxectos de Deus no mundo hoxe necesitan de nós, pero cóstanos estar implicados coa nosa vida por iso queremos comezar pedindo á misericordia de Deus.*

Monitor/a

- ✓ Cando o fracaso e a frustración queiran aniñar en nós.

SEÑOR, ÉNCHENOS DE ALENTO.

- ✓ Cando a comodidade e a falta de compromiso nos invadan

CRISTO, ÉNCHENOS DE ALENTO.

- ✓ Cando cedemos á tentación de deixar morrer a fe, a esperanza e o amor

SEÑOR, ÉNCHENOS DE ALENTO.

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que sofren e están desesperados. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Non podemos esquecernos dos refuxiados aos que ninguén quere acoller.

(silenzo)

Deus todopoderoso e eterno,
dirixe a nosa vida conforme ao teu amor,
para que, no nome do teu Fillo,
poidamos dar froito abundante de boas obras,
por Cristo, que vive e reina
por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Escoitamos que fe, esperanza e amor son a razón do camiñar cristiá, fundamento da vida do crente, son moito máis que palabras. Escoitámolo agora nunha carta do apóstolo Paulo. No Evanxeo vemos como Xesús fala abertamente na súa vila aínda que iso lle custe que o boten fora. El non se queda calado, non se acovarda e continúa coa súa misión facendo vivo o evanxeo.*

No Leccionario I – C páxina 180

LECTURA

**LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO PAULO
AOS CORINTIOS**

♪ *nº 50 Na tardiña baixa da vida*

SALMO

(en pé) No Leccionario I – C páxina 182

EVANXEO

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO LUCAS**

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palavra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Profesala fe é asentir con toda a vida que acreditamos no que Deus nos manifesta en Cristo, e con El queremos ser profetas de esperanza. Dicimos:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

Credes en Deus Pai, que fixo unha Alianza con Israel, que está disposto a renovala con nós en cada tempo e lugar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, a Palavra definitiva do Pai, o enviado para anunciar o tempo da graza e da Salvación?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo, que nos axuda coma mestre no noso interior para descubrir a vontade de Deus para nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, a comunidade dos homes e mulleres que queremos facer nosa a misión e a vida de Xesús, e que con El nos sabemos chamados a dar resposta aos refuxiados e a todos os que sofren?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Seguindo as pegadas de Xesús, queremos coa nosa oración ser profetas de tempos mellores. Invoquemos ao Pai, orando con toda a Igrexa. Dicimos: SEÑOR, ESCOITA AO TEU POBO*

Monitor/a

1. Para que desde a Igrexa, comunidade de comunidades, aprendamos a vivir o noso testemuño desde a fe en Ti, a esperanza na unión de todos e o amor na entrega xenerosa aos demais. Recemos xuntos.

2. Para que saibamos vencer a tentación de caer en comportamentos que só buscan aproveitarse dos demais, e non entender que o amor sen xustiza e solidariedade non é máis que mentira. Recemos xuntos.

3. Polas persoas que non dubidan en dar a cara e a vida polos demais. E polos que non se atreven a acoller aos refuxiados. Recemos xuntos.

4. Polos que camiñan na vida sementando boa nova, anunciando liberación, proclamando a liberdade, para que sintan o gozo de estar asociados á misión de Cristo. Recemos xuntos.

Celebrante: *Señor, grazas por insistir unha e outra vez para que comprendamos que a fe só pode ser agradecemento e loita compartida a prol do ben común, no que se manifesta a salvación e a esperanza que queremos vivir. Por Cristo noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Coma Xesús queremos ser profetas dun mundo mellor, queremos manter esperanza aínda que ás veces custa, queremos proclamar que Deus Pai segue á nosa beira. Compartímolo agora da man de Xesús querendo arroupar á familia de Julen:

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante Cristo foi enviado para proclamar o “tempo da graza”, un novo tempo, unha nova oportunidade. O noso xesto de paz compartido anuncia o mesmo. Non nos acovardemos, e que non nos canse dar unha man.

CANTO 🎵 *nº 38 Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: Facer viva a fe é o camiño que hoxe nos trouxo a compartir aquí como parroquia, mantendo a esperanza por enriba dos atrancos, e sabéndonos amados e convidados a facer crible o evanxeo. Ditosos nós, convidados hoxe arredor desta mesa para saborear este pan do Señor.

CANTO *nº 58 Acharte presente na vida.*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, asiste con bondade ao teu pobo.
Ti que nos enriqueces
con esta xuntanza de amor,
fai que este compartir
nos axude para a salvación
e nos faga medrar coma profetas
con Xesucristo, noso Señor e irmán,
que vive e reina por sempre eternamente.
Amén.

A Palavra de Deus chámanos a ser profetas no mundo de hoxe.

Non teñamos medo a dicir o que a fe, a esperanza e o amor nos esixen neste momento difícil da sociedade.

Alomenos 29 nenos, algúns recién nacidos, morreron de frío ás portas dun campo de refuxiados esta semana. Seguiremos calando?

Avísase das misas (ver folla do mes).

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén*